




HISTORIA DE ROMA (III)



A REPÚBLICA ROMANA (509-27 a.C.)

ATA AS GUERRAS PÚNICAS

ANOS	ACONTECEMENTOS
509-264 a.C.	Loitas entre patricios e plebeos (509-287 a.C.) Guerras contra os latinos e os etruscos (507-396 a.C.) Saqueo de Roma polos galos (390 a.C.) Conquista de Italia: guerras contra os samnitas (343-290 a.C.) e os tarentinos (282-272 a.C.)

Nos primeiros tempos da República, os patricios seguiron acaparando os dereitos políticos, sen permitírenlles ós plebeos participar na vida pública.

Estes retiráronse ó outeiro do Aventino coa intención de fundar unha nova comunidade (494 a.C.).

Os patricios, minoritarios, permitiron ós plebeos que elixisen un maxistrado co poder de vetar as leis prexudiciais para eles: o tribuno da plebe.

Máis adiante, os plebeos conseguiron que se redactase un código legal: as Leis das Doce Táboas (451 a.C.).



**Leges XII
Tabularum**

Pouco a pouco, os plebeos foron conseguindo a igualdade de dereitos cos patricios, nun proceso que durou ata o s. III a.C. Co tempo, produciuse unha alianza entre as antigas familias patricias e os plebeos ricos.



A República empregou os seus primeiros 100 anos en consolidarse política e territorialmente: Roma someteu os etruscos e os diversos pobos do Lacio.

Os historiadores romanos contan abondosas anécdotas que exaltan o heroísmo e a capacidade de sacrificio dos seus concidadáns desta época.

Unha delas relata como, en 458 a.C., o pobo elixiu ditador a Lucio Quinctio Cincinnato para liderar o exército fronte ós ecuos. Cincinnato recibiu a nova mentres estaba arando e, despois de vencer o inimigo en 16 días, rexeitou o poder e todo tipo de honores para volver traballar na súa propiedade.



En 390 a.C. Roma estivo en gran perigo a raíz da invasión dos celtas (que os romanos chamaban galos). A cidade foi saqueada mentres soldados e maxistrados se refuxiaban no outeiro do Capitolio, resistindo un asedio.

Solicitando negociar cos galos, estes esixiron unha compensación económica: colocaron no prato dunha balanza armas de ferro, cuxo peso os romanos deberían igualar con pezas de ouro. Cando así se fixo, Breno, o líder dos galos, depositou a súa espada no prato para desequilibrar a balanza, pronunciando a frase *Vae victis!* (“Ai dos vencidos!”).

Á fin, Roma foi liberada por Marco Furio Camilo, un romano que fora exiliado e que acudiu ó rescate cun exército de latinos.



Vae victis!



Entre os anos 343 e 290 a.C., os romanos conquistaron o centro de Italia sometendo os samnitas, que foron uns inimigos moi duros.

Mantiveron con eles tres guerras sucesivas, e na segunda delas tivo lugar un episodio humillante para os romanos: logo de seren derrotados preto da vila de Caudio, os soldados superviventes foron obrigados a pasar por baixo dun xugo.

Aínda hoxe se emprega a expresión “pasar polas forcas caudinas” para aludir a unhas condicións inaceptables que nos vemos obrigados a aceptar.



As Forcas Caudinas

Unha consecuencia directa das guerras samnitas foi a construción da primeira calzada de importancia, e que inauguraba un xeito de actuar característico dos romanos: o trazado dunha densa rede de amplos camiños públicos que facilitasen a rápida intervención armada nunha zona de conflito. En tempo de paz, estas vías favorecerían os intercambios comerciais.

A *Via Appia* chamouse así en honra do seu impulsor, o censor Apio Claudio, no ano 312 a.C.



Trazado da Via Appia



Via Appia



Pirro

A última fase da conquista de Italia rematou co sometemento das cidades da Magna Grecia, no sur de Italia.

Todas aceptaron a hexemonía de Roma excepto Tarento, que contratou como defensor a Pirro, rei do Épiro, quen desembarcou en Italia co seu exército, no que se incluían 20 elefantes.

Aterrados, os romanos foron derrotados en dúas ocasións, aínda que con grandes perdas para Pirro: de aí a expresión “vitoria pírrica”.


Coas forzas de Pirro xa minguadas, os romanos loitaron con el unha terceira vez, asustando os elefantes con fachos acesos. Pirro marchou de Italia e Tarento someteuse: toda Italia era xa romana.



Pirro en Italia

AS GUERRAS PÚNICAS


ANOS	ACONTECEMENTOS
264-146 a.C.	264-241: I Guerra Púnica 218-201: II Guerra Púnica 197: Organización de Hispania en provincias 149-146: III Guerra Púnica



Os dominios romano (vermello) e cartaxinés (azul)

Roma e Cartago, potencias mediterráneas en expansión, estaban condenadas a enfrontarse. A primeira guerra comezou pola posesión da illa de Sicilia, parcialmente ocupada polos cartaxineses e apetecida polos romanos debido ó seu potencial agrícola.

Roma venceu, grazas á súa adaptación á guerra no mar, e anexionou Sicilia. Segundo unha lenda, pouco despois da guerra, na costa do levante hispano, posesión cartaxinesa, o xeneral púnico Amílcar Barca fixo xurar ó seu fillo Aníbal odio eterno cara ós romanos.



Aníbal



**Xuramento
de Aníbal**



Aníbal cruza os Alpes

No ano 218 a.C., Aníbal, tras atacar Sagunto para provocar os romanos, encamiñouse cara a Italia. Cun exército provisto de elefantes, atravesou os Pirineos e os Alpes.

Os romanos, sorprendidos e aterrados, enviaron exércitos para deter a súa marcha no norte de Italia.

Traxecto de Aníbal






Batallas de Aníbal en Italia

Aníbal derrota sen paliativos os romanos en tres batallas consecutivas: Ticino, Trebia e Trasimeno.

A maior vitoria tivo lugar no sur, en Cannas, onde os romanos sufriron 25.000 baixas. Tras este triunfo, Aníbal tiña case abertas as portas de Roma. Pero, en lugar de tomala, esforzouse por romper a lealdade das comunidades italianas a Roma, mentres os romanos cavilaban sobre a maneira de desfacerse de tan gran perigo.



Escipión o Africano


Publio Cornelio Escipión, apenas un mozo, recibiu o mando das forzas romanas e decidiu atacar a Aníbal noutro campo: cortou as bases de aprovisionamento cartaxinesas en Hispania, e logo embarcou un exército cara á capital inimiga, no norte de África. Cartago pediu axuda a Aníbal, que debeu abandonar Italia para socorrer a súa patria.

No 202 a.C. Aníbal foi derrotado en Zama, e Roma anexionou parte do Imperio Cartaxinés: o sur e leste de Hispania.



Case de inmediato, Roma loitou contra Filipo de Macedonia, un líder grego que prestara axuda a Aníbal.

Nese empeño, Roma recibiu o apoio de non poucas cidades helenas, descontentas co dominio de Filipo. Así, logo de varios anos, en 168 a.C. toda Grecia foi incorporada a Roma como provincia. A non tardar, engadiríanse territorios en Asia Menor (actual Turquía).



Catón o Censor

Durante estes anos, Cartago estaba moi diminuída como potencia debido ás condicións do tratado de paz co que se pechou a II Guerra Púnica. Con todo, había voces en Roma que clamaban pola súa destrución definitiva.

DELEND A EST CARTHAGO

Unha delas era a do censor Catón, que sempre remataba os seus discursos no Senado coa frase “Cartago debe ser destruída”.

En 149 a.C. Cartago sublevouse contra Roma, e esta enviou un exército que conseguiu unha vitoria definitiva en tres anos. Segundo se conta, a cidade de Cartago foi derruída e as súas ruínas sementadas con sal. Roma anexionou o norte de África. Remataba así a existencia do que para Roma supuxera un pesadelo de case un século.

CRISE DA REPÚBLICA

ANOS	ACONTECEMENTOS
146-27 a.C.	132 e 121: Asasinatos dos irmáns Gracos 91-89: Guerras contra os aliados italianos (Guerras Sociais) 63: Conspiración de Catilina 60: Primeiro Triunvirato (César-Pompeio-Craso) 59-51: César conquista a Galia 49: I Guerra Civil (César contra Pompeio) 44: Asasinato de César 43: Segundo Triunvirato (Octavio-Marco Antonio-Lépido) 32-30: II Guerra Civil (Octavio contra Marco Antonio) 27: Octavio recibe o título de Augusto


Roma era no s. II a.C. un estado moi próspero, mais a riqueza non estaba ben repartida, sobre todo no que toca á priopiedade das terras.

No último terzo do século, os irmáns Graco, tribunos da plebe, propuxeron unha serie de reformas agrarias que incluían a declaración como terreo público dunha boa parte de Italia, e o reparto das terras resultantes entre os máis desfavorecidos. Para logralo, tiñan proxectado confiscar gran parte dos latifundios que xudiran do proceso continuado de conquista.

Estas actuacións ían en contra dos intereses da gran nobreza terratenente, que explotaba aquelas enormes propiedades públicas en réxime de aluguer privilexiado. Varios senadores conspiraron e, nun intervalo de dez anos, os dous irmáns foron asasinados e as súas reformas quedaron sen efecto.



Tiberio e Gaio
Sempronio Graco



Gaio Mario

A principios do s. I a.C., moitas cidades italianas rebeláronse contra Roma solicitando a igualdade de dereitos de cidadanía: foi a chamada Guerra Social (de *socii*, “aliados”), entre o 91 e o 88 a.C. A pesar de que foron derrotadas, nos anos posteriores a cidadanía romana foi estendida a toda Italia.

O xeneral vencedor da Guerra Social foi Sila, quen tiña un poderoso rival en Mario. Os dous encarnaban e dicían defender os intereses respectivos dos máis ricos (*optimates*) e dos menos ricos (*populares*).


Houbo unha guerra civil, na que Sila venceu a Mario.

Sila proclamouse ditador, realizou unha serie de reformas no sistema político, e abandonou o poder en 79 a.C. As institucións republicanas continuaron segundo Sila as deseñou durante un tempo, pero pouco despois aparecerían políticos ambiciosos que usarían o exército para lograr os seus fins.


Publio
Cornelio Sila




I TRIUNVIRATO



Gaio
Xulio
CÉSAR



Marco
Licinio
CRASO



Gneo
POMPEIO
Magno


Os máis significados deses homes foron César, Pompeio e Craso. Pasando por riba do réxime, no 60 a.C. estes tres homes aliáronse co fin de exercer o poder real na sombra, mediante as súas influencias: Pompeio no exército, Craso coa súa inmensa riqueza, e César a través do seu prestixio entre a poboación. Cando eles non desempeñaban as maxistraturas, estas eran exercidas por persoas afíns a eles e escollidas por eles mesmos (había eleccións, pero amañábanse).





Entre o 59 e o 50 a.C. César, abafado polas débedas contraídas durante a súa carreira política, e falta de prestixio militar, concibe a idea de anexionar un gran territorio para obter un gran botín (e así ser rico, como Craso) e demostrar que podía ser un gran xeneral (como Pompeio). Así, emprende a conquista da Galia.

Durante a campaña, César ía redactando un diario de guerra que foi publicado, probablemente despois da conquista, realizando así un hábil labor de propaganda encamiñado a aumentar o prestixio da súa figura.

Eses comentarios aínda se conservan hoxe, co título de *De bello Gallico* (A guerra da Galia).





Río Rubicón

A morte de Craso nunha campaña en Oriente desequilibrou o triunvirato, e iso deixou aberta a posibilidade dun enfrontamento entre César e Pompeio.

Conquistada a Galia, César pretendía ser elixido cónsul *in absentia*. o Senado denegoullo e ordenoulle licenciar o seu exército. César refusou facelo, argumentando que o estaban a privar dos seus dereitos políticos. Ó cruzar o río Rubicón (fronteira militar no norte de Italia) pronunciou a famosa frase *Alea iacta est* (“A sorte está botada”).

O Senado declarouno inimigo público e Pompeio opúxoselle, á fronte das forzas senatoriais. A batalla de Farsalia (norte de Grecia) outorgou a vitoria a César, que en pouco tempo se proclamará ditador perpetuo.


Un grupo de senadores, temendo que César tivese en mente restaurar a Monarquía, conspirou contra el.

Á cabeza dos conxurados estaban L. Casio e M. Xunio Bruto, fillo dunha antiga amante de César. Fixaron a data do magnicidio para os idus (15) de marzo do 44 a.C.

Ese día, durante unha reunión do Senado, César foi acoitelado polo grupo de conspiradores. Unha tradición dinos que Bruto foi quen lle asestou a puñalada final, mentres escoitaba estas palabras de César: *Tu quoque, fili mi* (“Ti tamén, meu fillo”).



Casio




Bruto



César é asasinado na reunión do Senado

Dous lugartenentes de César (Marco Antonio e M. Lépedo) e un sobriño-neto e fillo adoptivo seu (G. Octavio) asinaron en 43 a.C. un pacto para vingar a morte de César.

Comezou unha nova guerra civil, que rematou coa morte dos asasinos de César na batalla de Filipos (norte de Grecia, 42 a.C.). Os triunviros repartiron o poder entre eles, ordenando a morte dun bo número de opositores á súa política. O sistema republicano estaba ferido de morte.



TRIUNVIRATO

Marco Antonio Gaio Octavio Marco Lépedo

Igual que sucedera co primeiro, o II Triunvirato desfíxose coa morte dun dos seus membros, neste caso Lépido. Octavio e Antonio foron camiñando cara a un enfrontamento, motivado, entre outras cousas, pola connivencia do segundo coa raíña exipcia Cleopatra.

No 32 a.C. ambos bandos enfrontáronse na batalla naval de Actium, coa vitoria de Octavio. Marco Antonio e Cleopatra suicidáronse.

Octavio asumiu o poder supremo, aínda que, en aparencia, se retirou da vida pública. Iso si, o seu influxo era patente nos nomeamentos de senadores, maxistrados, gobernadores, etc.

No 27 a.C. o Senado concedeulle o título de *Augustus*, que simboliza o seu ascendente sobre o réxime. Á súa morte, en 14 d.C., o pobo tiña asumido que se buscaría un sucesor dentro da súa familia. Comezaba o Principado.

Localización de Actium



Octavio
Augusto